

O **roteiro arqueolóxico de Armea** é un percorrido de apenas 2 kilómetros co que descubrimos toda a historia da parroquia de **Santa Mariña de Augas Santas** (Conxunto Histórico Artístico e BIC) e que leva a cabo a cooperativa **Xeitura**: Xestión do Patrimonio Cultural.

A iniciativa encádrase dentro dunha serie de proxectos que a cooperativa ten en prol da **conservación, mantemento** e sobre todo **difusión** do rico e abondoso **patrimonio** da provincia de Ourense.



Ademais de transcorrer nunha fermosa zona de bosque autóctono da Reserva da Biosfera Área de Allariz o percurso lévanos a través dun gran número de lugares

de grande interese dos que os máis relevantes son; a **Cibdá de Armea**, un grande castro do que podemos ollar dúas rúas e un par de vivendas galaico-romanas, a **basílica** inacabada da **Ascensión ou Forno da Santa**, do Século XIII e o **Conxunto Rupestre do Señoríño**, un dos últimos achados asociados ao Castro.

Como non, a maiores de todo o Patrimonio Material que nos imos atopando polo camiño e preciso facer especial mención ó **Patrimonio Inmaterial** ou o que é o mesmo, a **lenda de Santa Mariña** que fai que o seu culto perdure e a xente siga visitando e “peregrinando” ao lugar 2000 anos despois.

## LUGARES DE ENCONTRO

Oficina de Información e Turismo Allariz (10 minutos antes)

Aparcadoiro St<sup>a</sup> Mariña de Augas Santas (5 minutos antes)

## PREZOS

3 euros público xeral // 2 euros empadroados Allariz//De balde para os nenos menores de 10 anos

Desconto a partir de 10 persoas.

GRUPO MÍNIMO SAÍDA: 5 Persoas // MÍNIMO POR SAÍDA: 20 euros.

## INSCRIPCIÓNS

TLF e correo: 686 800 543 (Manuel)

[turismo@xeitura.com](mailto:turismo@xeitura.com)



1. A duración do roteiro é de 120 minutos.
2. Os puntos de encontro sitúanse en fronte da Oficina de Información e Turismo de Allariz, no comezo do paseo da Alameda e no aparcadoiro de St<sup>a</sup> Mariña de Augas Santas. Desde estes puntos o desprazamento realízase en coches.
3. É moi recomendable levar calzado e roupa axeitada para camiñar polo monte así como fixarse na previsión metereolóxica. Tamén recomendamos o uso de foco ou lanterna.
4. O recorrido total do roteiro non supera os 2 km e durante o mesmo imos parando en diversos puntos de interese.
5. O roteiro transcorre integramente en Armea e non inclúe a visita a igrexa-santuario e ao núcleo de Santa Mariña de Augas Santas.
6. O número máximo de participantes para a realización do mesmo é de 18 persoas.
7. O percorrido é apto para tódolos públicos excepto para persoas con problemas de mobilidade.
8. Os nenos a partir de 3 anos poden realizar a visita sen problema. Tamén pode facerse con can ou bicicleta.
9. Para a visita da Igrexa é necesario reservar con antelación ao igual que para facer o roteiro fóra dos horarios establecidos por Xeitura S.Coop.Gal.
10. Se ten dificultades para chegar ao lugar ou calquera tipo de pregunta, non dubiden en poñerse en contacto connosco; [manuelga@xeitura.com](mailto:manuelga@xeitura.com) – TLF: 686 800 543

